

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de marzo de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 46798 (11/POC-008738)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da conservación e xestión do lobo e da súa convivencia coas actividades do medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 438, do 19.01.2023
- 1.2 50446 (11/POC-009447)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis
Sobre a xestión do monte da serra da Capelada, no concello de Cedeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 461, do 01.03.2023
- 1.3 50909 (11/POC-009502)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia con respecto á presentación ante o Consello Forestal de Galicia do borrador do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 467, do 15.03.2023
- 1.4 51077 (11/POC-009524)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para que ningunha solicitude quede fóra das axudas da política agraria común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 467, do 15.03.2023

Punto 2. Proposición non de lei

- 2.1 50411 (11/PNC-004298)





Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para trasladar aos titulares das explotacións avícolas as medidas para evitar a transmisión de gripe aviaria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 461, do 01.03.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Daniel
Vega Pérez

Firmado digitalmente por Daniel
Vega Pérez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parlame
ntodegalicia.es
Fecha: 2023.03.17 13:51:21 +01'00'

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 17/03/2023 13:51:21



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidente	
José Antonio Armada Pérez	P
Secretario	
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG

Vogais

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Raquel Arias Rodríguez	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
Carlos Gómez Salgado	P
María González Albert	BNG
Jesús Miguel Prado Patiño	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Martín Seco García	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 46798(11/POC-008738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da
conservación e xestión do lobo e da súa convivencia coas
actividades do medio rural

Publicación da iniciativa, 438, 19.01.2023



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia foi a única comunidade autónoma ao norte do río Douro que non subscribiu a “Estratexia para a conservación e xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do medio rural”, aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo do 2022. A negativa do Goberno galego fixo que xunto coa Comunidade de Madrid que solicitou adherirse o 22 de decembro cando xa estaba realizado o peche contable do 2022, sexan as únicas que non recibirán fondos do Ministerio de Transición Ecolóxica para a adopción de medidas para protección do gando e para indemnizacións polos danos infrinxidos polo lobo á gandería.

A sinatura desta estratexia non impedía que o Goberno galego puidese seguir con recursos e o posicionamento en contra, pero permitía poder beneficiarse do reparto orzamentario para as medidas de prevención e indemnización por danos do lobo ao gando, o que suporía máis de 4,3 millóns de euros para o noso territorio.

Desta forma, no reparto dos máis de 15 millóns de euros dispostos para eses fins polo MITECO neste ano, as comunidades máis beneficiadas serán Castela e León, con preto de 9 millóns de euros (catro para danos e preto de 5 para medidas preventivas), Asturias, con máis de 3 millóns e medio (dous para danos e máis de millón e medio para medidas preventivas), Cantabria, con máis de millón e medio de euros (preto de 900.000 para danos e preto de 800.000 para medidas preventivas), A Rioxa, con preto de 500.000 euros (preto de 300.000 para danos e preto de 200.000 para medidas preventivas), Castela A Mancha, con preto de 200.000 euros (preto de 100.000 para danos e preto de 100.000 para medidas preventivas), e Aragón, Extremadura e Cataluña, cuns 100.000 euros cada unha (50.000 euros para prevención e outros tantos para danos, respectivamente).

Mentres os gandeiros do resto das comunidades autónomas accederán a estes fondos en 2023, a Consellería de Medio Ambiente renuncia e segue sen tomar medidas efectivas para xestionar a especie e axudar aos gandeiros coas perdas que produce esta especie no noso territorio, pese ás numerosas iniciativas presentadas polo noso grupo, algunha delas aprobada no Parlamento de Galicia e por petición das organizacións agrarias e gandeiros de toda Galicia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2023 10:23:50
Nº Registro: 46798
Data envío: 11/01/2023 10:23:50.079

A Consellería do Medio Ambiente convocou axudas por valor de 1.750.000 euros para previr os danos que a fauna salvaxe nas explotacións gandeiras galegas e son as propias organizacións agrarias as que consideran insuficientes estes fondos que poderían ter outros 4.300.000 euros para cubrir o gasto real que ten que soportar o noso sector agrario.

A Xunta de Galicia ten unha liña de continuidade, sen destinar fondos suficientes para tal fin, xa que están a pagar nestas axudas as mesmas cantidades que no ano 2016, a pesar do incremento de prezos que se rexistrou só ao longo deste ano e non chegan para o custe de construción e mantemento dos valados, para a compra e mantemento dos mastíns e para os pastores eléctricos e segue sen subvencionar o asesoramento técnico das granxas. Tampouco fai distincións entre granxas en intensivo e extensivo, o que provoca que unha gandería de leite que non saca nunca as súas vacas ao campo teñan as mesmas posibilidades de obter estas axudas que unha de ovellas en extensivo ou que se limite a tres o número de mastíns que pode adquirir unha granxa, tendo en conta que en Galicia hai algunha que ten un milleiro de ovellas, das que tres cans solos non poderían coidar.

A Consellería tampouco destina fondos do PDR para tal fin e asume as axudas con fondos propios, 20.000 euros para os afectados polo oso, 286.000 para os do xabaril e 700.000 para os do lobo. A maiores, tamén se convocaron as subvencións para a instalación de valos que eviten os ataques do lobo, dotadas con 400.000 euros e se a iso lle sumamos os 650.000 euros convocados hai unhas semanas para paliar os danos que orixina este animal, o orzamento final é de 1.750.000 euros.

Galicia en 2023 conta cunha poboación de lobos duns 93 grupos reprodutores o que supón o 30 % do total de España e supera a de toda Francia e prodúcese anualmente unhas 3.200 baixas en cabezas de gando (ovino, bovino e cabalar, fundamentalmente), das que unicamente se declaran arredor de 2.400 debido ás trabas burocráticas, cun sistema que fai moi difícil xustificar os danos e á escaseza dos fondos destinados para a súa cobertura.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que previsións ten o Goberno galego despois de perder para o ano 2023, 4,3 millóns de euros dos gandeiros e gandeiras da nosa terra, ao ser a única comunidade autónoma ao norte do Douro que non asinou a Estratexia para a conservación e xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do medio rural?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2023 10:23:50
Nº Registro: 46798
Data envío: 11/01/2023 10:23:50.079

2ª) Cando ten previsto o Goberno galego actualizar o Plan de xestión do lobo para Galicia que data de 2008, cunha actualización dos censos poboacionais e un novo mapa de presenza do lobo en Galicia?

3ª) Considera o Goberno galego que o orzamento destinado pola Xunta de Galicia para 2023 destinado á prevención e danos por ataque de lobos é suficiente para garantir o 100 % das solicitudes cursadas en regra?

4ª) Ten previsto o Goberno galego actualizar as contías por danos de ataques do lobo que cubran o custe real da perda e que estas se paguen nun prazo menor a 6 meses dende a solicitude do gandeiro, e introducir un novo sistema que facilite a xustificación das perdas dos gandeiros?

5ª) Ten previsto o Goberno galego introducir axudas en materia de prevención ás explotacións en zonas de risco por ataques de depredadores nos cobros da PAC e que estas non exclúan as indemnizacións autonómicas por danos causados por depredadores?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/01/2023 17:25:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2023 17:25:35



CSV REGISTRO-K7KugSWS-9

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 50446(11/POC-009447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre a xestión do monte da serra da Capelada, no concello de Cedeira

Publicación da iniciativa, 461, 01.03.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:02:48
Nº Rexistro: 50446
Data envío: 23/02/2023 13:02:48.811

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a xestión do monte da Serra da Capelada no Concello de Cedeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Serra da Capelada, e nomeadamente na parte desta Serra situada dentro do termo municipal do Concello de Cedeira, existen varios montes dedicados a diversos aproveitamentos forestais e agrogandeiros.

Algúns destes montes son propiedade municipal, Lume, Capelada e Couce, e outros son propiedade da Xunta de Galiza, como o monte da Braxe. A Xunta de Galiza realiza a xestión de todos os montes, do propio e máis dos outros que son propiedade do Concello de Cedeira.

As persoas que explotan estes montes quíxanse de falta de atención por parte da Xunta na conservación das pistas forestais e na limpeza do monte até o punto de crearse zonas inaccesíbeis para o gando e xerando un risco potencialmente elevado en caso se incendio.

Quíxanse tamén de falta de transparencia e de participación democrática na xestión dos montes, e quíxanse sobre todo das dificultades para emprender, das dificultades para acceder a novas zonas de pasto, así como a superficie susceptíbel de recibir subvencións da PAC.

Entre a falta de atención que a Xunta presta a este colectivo e á actividade gandeira na zona de Cedeira tamén salientan a eliminación das visitas do veterinario e a

CSM-REXISTRO-XORQZD142-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:02:48
Nº Registro: 50446
Data envío: 23/02/2023 13:02:48.811

redución de servizos que se prestan na oficina agraria de Cedeira, o que obriga a continuos traslados á vila de Ortigueira.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1. De que ano é o convenio entre a Xunta de Galiza e Concello de Cedeira para a xestión dos montes municipais? A que usos está destinada a superficie dos montes? Cantas hectáreas están destinadas a cada un destes usos?

2. Existe un plan de xestión destes montes? Quen o elaborou? Quen o aprobou? Quen ten as competencias para modificar os usos do monte?

3. Existe algún mecanismo que prevea a participación das persoas que explotan os montes na súa xestión? Algún mecanismo que prevea a participación do Concello de Cedeira?

4. Por que a Xunta desatende a limpeza do monte e a conservacións das pistas forestais?

5. Cales son os resultados económicos da xestión forestal do monte para a Xunta de Galiza? E para o Concello de Cedeira?

6. Canta madeira anual producen estes montes? De que tipos? Cales son os usos ou destinos finais desta madeira?

7. Que empresas realizan os traballos necesarios para a xestión e a explotación forestal destes montes? Que empresas están ao final da cadea de valor como últimos destinatarios da madeira antes de chegar ao mercado?

8. Cantos postos de traballo fixos a xornada completa xera a xestión e a explotación forestal destes montes?



CSX4 REGISTRO-XGRQZDT142-9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:02:48
Nº Registro: 50446
Data envío: 23/02/2023 13:02:48.811

9. Cantas persoas teñen explotacións gandeiras nestes montes? Que tipo de explotacións son?

10. Cal é o proceso que unha persoa emprendedora debe realizar para ter dereito a explotar superficie destes montes?

11. Ten valorado a Xunta de Galiza a posibilidade de aumentar a superficie dos montes destinada a pradeira? E a pasto baixo arboredo?

12. Por que se suprimiron servizos na oficina agraria de Cedeira? Por que se suprimiron as visitas semanais do veterinario?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/02/2023 12:48:40

María González Albert na data 23/02/2023 12:48:44

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/02/2023 12:48:55

CSX4:REGISTRO-XGRQZDT142-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:02:48
Nº Rexistro: 50446
Data envío: 23/02/2023 13:02:48.811

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/02/2023 12:49:04

CSV, REGISTRO-X6RQZDT42-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 50909(11/POC-009502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia con respecto á presentación ante o Consello Forestal de Galicia do borrador do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Publicación da iniciativa, 467, 15.03.2023



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 17:58:53
Nº Rexistro: 50909
Data envío: 03/03/2023 17:58:53.275

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O Plan de prevención de incendios leva anos sendo elaborado unilateralmente pola Xunta de Galicia, segundo denuncian membros do Consello Forestal.

Entre elas están as organizacións sociais que detectaron fallos e eivas que afectan ao normal funcionamento na aplicación do Pladiga, como é o caso do conxunto do plano de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia que afectan gravemente ao patrimonio natural, a economía e ao conxunto da sociedade do país, sen que a Xunta de Galicia busque alternativas reais a situación na que se encontra a nosa comunidade autónoma en relación e esta lacra.

A crise climática global obriga a que se adopten medidas co fin de que o operativo de prevención e extinción se poida expandir e contraer en función das necesidades reais que se produzan en cada momento e para iso necesítanse medios materiais e técnicos pero tamén un servizo de prevención e extinción profesional, único e estable.

Hai unha falla de vixilancia as 24 horas do día en días de perigo alto de incendio con moitas zonas de sombra, hai incendios que cando se sabe deles xa teñen unhas dimensións considerables cun maior risco de propagación, maior risco para as persoas e os bens, incremento dos custes de extinción.



CSM-REXISTRO-duzXLSV7D-6

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csw/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 17:58:53
Nº Registro: 50909
Data envío: 03/03/2023 17:58:53.275

Non se poden ter pechadas casetas/torretas de vixilancia estratéxicas para unha axeitada protección dos ecosistemas forestais substituíndo estes puntos de vixilancia con profesionais exclusivamente por cámaras. A vixilancia ao traveso dos postos fixos segue sendo o mellor e máis eficaz método de detección e prevención de incendios. Os vixiantes son habitualmente da zona onde realizan o seu traballo e coñecen os lugares e teñen unha gran experiencia na detección inmediata e a interpretación da vexetación que está ardendo inicialmente así como os accesos máis doados para os medios de extinción.

Non se cobren tódalas baixas do persoal de prevención e extinción propias (brigadas da Xunta de Galicia tanto fixos como fixos-descontínuos), moitas brigadas día tras día só entran con dous ou tres compoñentes ou incluso 1 só compoñente, a media debe de ser de cinco brigadistas/bombeiros forestais como mínimo por brigada para garantir a operatividade e a protección tanto dos compoñentes das brigadas de extinción-prevenición como para a protección da colectividade e dos ecosistemas.

Baixas de axentes forestais sen cubrir (Distritos Forestais onde tiña que haber entre 20-23 axentes ambientais/axentes forestais só están operativos para traballos de prevención-extinción de incendios 14-15 axentes) isto afecta directamente a eficacia do operativo de prevención-extinción de incendios, maior carga de traballo, suspensión de vacacións, incumprimento da lexislación existente en canto a compatibilización da vida laboral e familiar, maior perigo para os ecosistemas forestais de Galicia por unha menor protección, maior tempo de reacción diante dos incendios e menor eficacia por non poder realizar as labores propias destes profesionais por falla de persoal.

Detéctase a falla dun “plano de emerxencias de incendios forestais integral”, plano que debe contar cun “mapa de medios e recursos” dispoñibles para axudar na loita contra os incendios forestais cando se precisa e cando se



CSX4 REGISTRO-DUZXL5V7D-6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 17:58:53
Nº Rexistro: 50909
Data envío: 03/03/2023 17:58:53.275

producen. A falla deste mapa de medios e recursos fai que se produzan desprazamentos de medios dos servizos forestais a máis de 100 quilómetros dentro da provincia mentres a carón de onde se produce o incendio forestal (5-15 minutos) hai autobombas ou maquinaria parada, infrautilizada.

É preciso optimizar os medios e recursos públicos dispoñibles con elo melloraremos a operatividade, melloraremos o tempo de reacción, melloraremos a extinción dos incendios e minimizaremos os efectos dos mesmos cando se produzan.

Non é certo que haxa 7.000 persoas no operativo de extinción de incendios forestais de Galicia pois moitas das persoas que din estar operativas na realidade non están a disposición ou sinxelamente son prazas vacantes ou baixas sen cubrir.

Incumprimento e falla de coñecemento, do persoal asignado ao Pladiga, do Plan de Prevención de Riscos Laborais e dos Plans de Acción a levar adiante nos servizos forestais públicos da Xunta de Galicia. Tanto ao Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais como aos Distritos Forestais tense solicitado de palabra e por escrito o cumprimento da normativa de aplicación.

Na maioría dos Distritos Forestais non hai reunións para cando menos analizar os erros que se producen, buscar a forma de mellorar a operatividade e funcionamento do distrito, coordinar os propios medios con que conta a Consellería, coordinarse axeitadamente con outros medios que integran o operativo Pladiga non se respectan a distintas estruturas operativas do distrito nin as funcións de cada un dos seus integrantes. Na ampla maioría dos casos funciónase por inercia e sen un obxectivo claro. Distritos onde non hai ningunha reunión ao longo de todo o ano. Sen unificar criterios na xestión do persoal propio, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de



CSX4 REXISTRO-DUZXL5V7D-6

Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 17:58:53
Nº Rexistro: 50909
Data envío: 03/03/2023 17:58:53.275

coordinación, estrutura e funcionamento dos distritos forestais. 5 distritos forestais por provincia, 19 distritos forestais en Galicia, 19 territorios que funcionan cada un a súa maneira sen protocolos claros e sen unificación dos criterios máis básicos.

Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, desbrouzados, faixas de xestión de biomasa...), non se realizan ao seu debido tempo. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xullo de cada ano.

Falla de divulgación do Pladiga entre os propios integrantes que teñen que cumprir este protocolo de actuación, o Pladiga presentado tódolos anos no Consello Forestal de Galicia e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, non deixa de ser un plano mediático pois unha boa parte do operativo de prevención e extinción de incendios forestais non o coñece, non se coñecen as funcións, responsabilidades que cada un dos colectivos ten, obxectivos, prioridades non resulta doado cumprir un plano cando non se da a coñecer ao conxunto das persoas e colectivos que participan no mesmo.

É imprescindible que a Administración galega presente o Pladiga ante o Consello Forestal, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Xunta de Galicia e canle de participación da sociedade galega co fin de que se incorporen as achegas que realicen os participantes do mesmo e se consensúe o plan de prevención e defensa contra incendios.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai a ser presentado o borrador do Pladiga ó Consello Forestal?



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 17:58:53
Nº Registro: 50909
Data envío: 03/03/2023 17:58:53.275

2. Como se vaia planificar o proceso de achegas ao Consello Forestal polos membros do mesmo?
3. Cando prevé o Goberno galego levar o Pladiga ó Consello da Xunta de Galicia?
4. Vai o Goberno galego a informar da constitución das Bases de Unidade Operativa (BUO) ao Consello Forestal?
5. E sobre o cronograma de implementación dos novos sistemas operativos de extinción de incendios?

Santiago de Compostela, 3 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/03/2023 17:54:10

Martín Seco García na data 03/03/2023 17:54:21



CSX4 REGISTRO-DUZXL5V7D-6

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 51077(11/POC-009524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para que ningunha solicitude quede fóra das axudas da política agraria común

Publicación da iniciativa, 467, 15.03.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 11:11:44
Nº Rexistro: 51077
Data envío: 08/03/2023 11:11:44.493

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este novo período da PAC está a presentar novidades relevantes en canto ás exixencias requiridas ás granxas e explotacións, tanto de carne como de leite. O feito de que a Xunta non teña claras as exixencias pode ter consecuencias graves para as granxas, en dúas vertentes importantes, por unha banda as dificultades de acceso a determinadas axudas por non cumprir os requisitos, e por outra o incremento do nivel dos requirimentos para acadar outras.

Parece que existe unha certa ralentización na capacidade de reacción da consellería para poder facerlle fronte a cambios que eran sabidos, quizá derivado da falta de coñecemento da realidade das nosas granxas e explotacións ou quizá por unha especie de parálise que impide reaccionar ata que os problemas xa non teñen solución.

Estamos a falar das dificultades que van experimentar os nosos produtores e produtoras derivadas de non ter as súas explotacións clasificadas adecuadamente segundo ás súas prácticas produtivas e carga gandeira, é dicir: como intensivas, semiintensivas ou extensivas.

Estas dificultades poden ir dende a perda das axudas asociadas da PAC, ou outras, por non cumprir os requisitos exixidos de extensividade ou semiextensividade,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 11:11:44
Nº Registro: 51077
Data envío: 08/03/2023 11:11:44.493

que poden afectar a máis do 50% dos e das nosas produtoras, ata o incremento do nivel de exixencias nas súas prácticas e de controis das mesmas.

Por todo o mencionado consideramos isto como moi relevante á hora de enfrontarse a este novo período da PAC, máxime polo pouco tempo que queda para que as nosas granxas poidan cumprir os requisitos exixidos. Sería impensable que por unha formalidade da que o goberno da Xunta tamén é parte, as nosas produtoras e produtores se puideran ver envoltas nun novo prexuízo económico ó verse fóra das axudas e/ou co incremento do gasto derivado do incremento das exixencias.

A ausencia de plans para afrontar con dilixencia esta eventualidade móstrase pola falta de resposta única, cando se pregunta nas distintas OACs, nunhas “motu proprio” e baixo o principio de precaución, están animando a pagar as taxas e a cubrir o preceptivo modelo para solicitar o cambio, mentres outras falan por boca do Dr Xeral indicando que nas solicitudes haberá unha cuadrícula para que cada quen clasifique a súa propia granxa, o cal causa impresión por posible desamparo xurídico.

En todo caso nada está claro, mais é urxente poñer en coñecemento dos e das usuarias das axudas este problema e abordalo de inmediato para resolvelo antes que volva causar danos sobre as nosas producións primarias. Sendo tamén imprescindible que as entidades de asesoramento públicas e privadas sexan coñecedoras do problema e das potenciais solucións que propón a Dr Xeral correspondente para axudarlle ás produtoras e produtores a enfrontar este novo problema.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

7ª:

CSV REGISTRO-QZwJt5Kt-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 11:11:44
Nº Rexistro: 51077
Data envío: 08/03/2023 11:11:44.493

Van vostedes afrontar esta problemática de xeito inmediato para que ningunha das nosas produtoras ou produtores se vexa prexudicado por non acceder a axudas por esta causa ou por incrementar os seus custes polo mesmo?

Que nivel de comunicación e coordinación hai entre as distintas subdireccións xerais da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para, primeiro, detectar posibles problemas dos e das usuarias a respecto de poder cumprir os requisitos para acadar as axudas da PAC e segundo, para buscar vías para resolvelos?

Que medidas van tomar para detectar outras problemáticas potenciais que fagan que as nosas producións primarias se poidan ver en risco de desaparición por perdas de ingresos?

Neste caso concreto e o feito de non ter a clasificación correcta para as granxas e explotacións vs. a existencia da condición de extensiva e semiextensivas para o cobro das axudas asociadas: teñen avaliado o alcance das perdas que pode ocasionar a respecto das axudas asociadas do primeiro pilar da PAC?

E con respecto a outras axudas, neste caso as referidas ás axudas do II Pilar?

Que medidas van tomar para achegar estas informacións ás titulares das granxas e explotacións?

Que información e formación van recibir as entidades de asesoramento públicas ou privadas?

Van seguir permitindo que haxa constantes sobresaltos e prexuízos para a agrogandería do país?

Teñen suficiente persoal na consellería para atender adecuadamente as necesidades das nosas produtoras e produtores agrogandeiros?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 11:11:44
Nº Rexistro: 51077
Data envío: 08/03/2023 11:11:44.493

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/03/2023 11:07:54

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/03/2023 11:07:57

María González Albert na data 08/03/2023 11:08:09

CSX REGISTRO-qzwhf5k-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 50411(11/PNC-004298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para trasladar aos titulares das explotacións avícolas as medidas para evitar a transmisión de gripe aviaria

Publicación da iniciativa, 461, 01.03.2023

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, José Antonio Armada Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A influenza aviaria –coñecida coloquialmente como “gripe aviar”– é unha das patoloxías máis nocivas para as explotacións avícolas, tanto polos elevados niveis de morbilidade e mortalidade que producen, como polas importantes restricións comerciais que a súa presenza implica para o sector da avicultura.

Neste marco, desde 2003 lévase a cabo, tanto en Galicia como no resto do Estado, o *Programa de vixilancia da influenza aviaria en España* do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (en adiante, MAPA), que inclúe tanto as aves domésticas –en curral e en cativeiro– como as aves silvestres. A estes efectos, cómpre destacar que, desde o pasado ano 2021, o devandito *Programa de vixilancia* permitiu constatar un aumento do risco de difusión do virus en toda Europa.

Certamente, neste período existe un constante goteo de focos notificados en diversos países –en concreto, no que vai da actual tempada 2022-2023 (que se estende do 1 de xullo do 2022 ata o 24 de xaneiro de 2023) foron comunicados 651 focos de gripe aviaria en aves domésticas (de curral), 1.466 en aves silvestres e 253 en aves en cativeiro en preto de 30 países da UE, segundo os datos do *Informe de situación epideiolóxica a nivel mundial y europeo* publicado polo MAPA en xaneiro deste ano 2023–.

En concreto, en España foron notificados durante ese mesmo período ata seis focos en aves de curral (en Andalucía, Castela A Mancha, Castela e León e Extremadura) e 96 focos máis en aves silvestres, sinaladamente na costa cantábrica e atlántica.



Neste contexto, Galicia atópase á cola das comunidades autónomas con máis casos de influenza aviaria do conxunto español, non obstante, adoptou de forma inmediata as medidas preventivas e recomendacións recollidas na *Orde APA 2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria* do Goberno de España. Entre elas, a aplicación de restricións nas Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV); o control dos movementos de aves de importación ou internos desde zonas con focos declarados tanto na UE como en España; a intensificación da vixilancia; a coordinación constante con Medio Ambiente; contacto permanente co sector avícola; remisión de información a todos os concellos –incluídos os concellos declarados ZER e/ou ZEV); e, en adición, visitas periódicas de control sanitario ás explotacións avícolas nas zonas ZER e ZEV.

De feito, na actualidade, a nosa comunidade conta con sete concellos declarados Zonas de Especial Risco (ZER) –Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo e Vilanova de Arousa, todos na provincia de Pontevedra– e 29 máis designados como Zonas de Especial Vixilancia (ZEV) –Cariño, Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Zas e Vimianzo, na provincia de A Coruña; Ribadeo e Trabada, en Lugo; Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia, en Ourense; A Guarda, Moaña, Pontevedra, Poio, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Marín e Meis, na provincia de Pontevedra–.

Así mesmo, estas medidas inclúen a pretensión do Goberno galego, tal e como se amosou na práctica, da posta en marcha doutras iniciativas recollidas na normativa vixente, de ser o caso, como son o confinamento en instalacións interiores das aves domésticas criadas no exterior, a prohibición da crianza conxunta de anátidos (parrulos, gansos, ocas...) con outras especies de aves de curral ou a protección de comedeiros e bebedeiros situados no exterior das instalacións, todas elas orientadas a impedir o contacto das aves domésticas coas silvestres, así como a prohibición de determinadas concentracións de aves de curral ou doutro tipo.

Neste respecto, desde o Grupo Popular de Galicia, cremos que é totalmente transcendental afondar, sempre que sexa necesario, nas medidas máis extremas e, en



todo caso, potenciar aquelas iniciativas encamiñadas a achegar toda a información dispoñible e actualizada da situación epidemiolóxica e recordo da necesidade de reforzar as medidas de bioseguridade das granxas, sobre todo evitando o contacto con aves silvestres (isto é, charlas informativas, control e seguimento de zonas ZER e/ou ZEV, visitas periódicas, remisión de información aos concellos, etcétera).

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que mediante comunicados ou calquera medio de difusión traslade aos titulares das explotacións avícolas as medidas a adoptar nas súas explotacións de cara a evitar a transmisión e o posible incremento de focos de gripe aviaria na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 15:47:21

María Elena Candia López na data 22/02/2023 15:47:39

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 15:47:57

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 15:48:10

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 15:48:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 15:48:43

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 15:48:55

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 15:49:05

